

Banda Ferrolá de Música

La Italiana en Argel (Obertura).....G. Rossini
La Gioconda (Baillables de la Ópera)..A. Ponchielli
El Camino Real (Fantasía Latina).....A. Reed

Director: Narciso Piso Guerreiro

Banda Sinfónica Municipal de Ribadeo

- A Freixa.....R. y F. Groba
- Pepita GreusPascual Pérez Chovi
- Dakota.....Jacob de Haan
- The Mask of Zorro.....James Horner

Director: David Ballester

Banda de Música de Ortigueira

African Symphony.....Van McCoy

Katábasis (*).....David Penadés Fasanar

1. Descenso al Inframundo
2. Hades, Señor del Inframundo
3. Ascenso al Mundo Superior

Into the Storm.....Robert W. Smith
Villa de Ortigueira.....Daniel Ferrero

Director: Carlos Diéguez Beltrán

(*) Obra de estrea 3º premio no
II Concurso Iberoamericano de Composición
"Vila de Ortigueira 2009"

Organiza:



Patrocina:



V Festival de Bandas "Vila de Ortigueira"

Banda Ferrolá de Música

Banda Sinfónica de Ribadeo

Banda de Música de Ortigueira

TEATRO DA BENEFICENCIA
ORTIGUEIRA

Sábado 14 de Novembro de 2009

20:30 h.

BANDA FERROLÁ DE MÚSICA

A Banda Ferrolá de Música realiza os ensaios preliminares en outubro de 2001; nacendo publicamente o 7 de xaneiro de 2002, o día do Patrón de Ferrol, San Xiao, cun concerto dirixido polo director titular Narciso Pillo, acto celebrado na Concatedral esta vez ataigada dun público entregado. Deste xeito iniciábase un camiño progresivo que a leva a converterse en referente obrigado nun indiscutible ben cultural para a cidade de Ferrol e a súa comarca, que deste xeito pasa a contar con outro referente moi sobranceiro no eido musical. É un proxecto da Concellería de Cultura. Depende para o seu funcionamento do Padroado Municipal de Música e as Artes Escénicas, institución na que se crea e se xestiona. Está integrada por 44 mozos cunha media de idade de 22 anos, formados formados a maioría deles nos conservatorios de Ferrol e A Coruña. A gran ductibilidade da Banda Ferrolá de Música permite afrontar un repertorio moi amplo e plural, tratando todos os períodos desde o barroco (transcripcións) até a música do século XX, apartado este último no que a Banda desprega todo o seu poder interpretativo, composicións de verdadeiro valor musical que lles brindan ós intérpretes a posibilidade de amosar todo o seu potencial técnico-artístico. Afronta unha nova temporada na que sigue enriquecendo o seo variado repertorio, con énfase sobre autores da nosa terra, asumindo a responsabilidade de dar saída ás obras máis relevantes dos compositores galegos. Trata sempre de manter unida a música tradicional, tanto española como galega, con obras compostas orixinalmente para banda. No seu repertorio están incluídas obras de autores clásicos, coma Rossini, Schostakovich, Beethoven, Mozart, Tchaikovsky, G. Bizet, Guridi, Sibelius, Vives, Wagner, Alfred Reed, Robert W. Smith, André Waignein, Philip Sparke, Johan de Meij. Ten rexistrado un CD con obras de G. Baudot, Marcial del Adalid, James Barnes, Robert Jager, Alfred Reed, Vives e Tschaiowsky. Este primeiro rexistro pretende ser un recoñecemento, e tamén un incentivo, á traxectoria da Banda e un novo instrumento para difundir o labor desta agrupación musical, que hoxe é un referente cultural e educativo en Ferrol. Algúns compoñentes desta agrupación son membros da Banda Sinfónica Galega, bolseiros da Orquestra Sinfónica de Galicia e da Real Filharmonía de Galicia.

BANDA SINFÓNICA MUNICIPAL DE RIBADEO

Corría o ano 1989, a través dunha iniciativa civil privada veciñal tentábase recuperar a ilusión nunca olvidada de recuperar unha banda en Ribadeo. Iniciábase a constitución dunha comisión xestora para crear unha Academia de Música e a captación de socios e afiliados cunha masiva resposta social ribadense. Tamén deste xeito comezan os contactos para conseguir profesor-director. Contáctase con Hernán Naval para a formación musical dos asociados ata lograr o nivel necesario para a creación dunha banda de música e, ao mesmo tempo, constitúese a asociación "Amadores da Música". O 25 de xaneiro do ano 1992, case un ano antes do previsto, con corenta e un músicos, baixo a batuta de Hernán Naval, presentase a Banda de Ribadeo na Igrexa parroquial. Ao ano seguinte e en virtude dun convenio asinado entre o Excmo. Concello de Ribadeo e a asociación "Amadores da Música" a banda pasaría a chamarse Banda Municipal de Ribadeo. Con Hernán Naval a banda actuou nas principais cidades de Galicia e teatros da xeografía galega e en diversos puntos do estado español (Madrid, Barcelona, Murcia, Oviedo, Aranjuez, etc.) e tamén en Portugal (Loures, Lisboa, ...). Asimesmo actuou e fixo gravacións en RTVG e TVE, e gravou a BSO da película "Los muertos van deprisa". O 17 de maio do 2001 e a punto de rematar a grabación do segundo CD, a banda sufriu un duro golpe pola morte de quen fora o seu creador, director e principal impulsor, Hernán Naval. Para rematar a gravación en curso, a Banda Municipal de Ribadeo contou coa colaboración de Marcel van Bree, que se prestou voluntariamente a colaborar co proxecto por terminar. Hoxe en día a Banda Municipal de Ribadeo continúa baixo a xestión de "Amadores da Música" en colaboración co Excmo. Concello de Ribadeo. Neste tempo pasou polas máns de diversos directores coma Marcel van Bree, Mariano Rivas, J. Luis Álvarez, Bernardo Méndez e Lourenço Filipe da Silva. Actualmente, e baixo a batuta do seu director actual David Ballester, realiza anualmente unha programación estable de concertos en Ribadeo, incluíndo programas monográficos (música de cine, música relixiosa, etc.) e outros coma o de Nadal ("Aquí como en Viena") forman parte xa dos eventos culturais tradicionais da localidade. Igualmente o Festival de Bandas que dende 1995 se organiza anualmente en Xullo ou Agosto.

BANDA DE MÚSICA DE ORTIGUEIRA

A historia dícenos que hacia o 1865 comeza a tradición das bandas de música en Ortigueira. Dende entón o movemento bandístico foi un constante fluxo de músicos e bandas con períodos máis álxidos e outros non tanto; chegando incluso a existencia de catro bandas coetáneas no mesmo concello. Algúns nomes daquelas formacións, Banda Garrote, Banda de Rebollar, La Lira, etc. todavía soan no recordo dos nosos maiores. Máis recentemente, no ano 1992, o Concello creou a Banda de Música Cultural de Ortigueira que despois de algúns anos de recorrido e tras a súa escisión deu paso a outras dúas bandas, a propia Banda Cultural e a Banda Escuela de Música de Ortigueira. Foi no ano 2004 cando por iniciativa do Concello de Ortigueira, vólvense a fusionar ambas formacións creando unha única banda. Créase unha praza de director con cargo ó presuposto municipal e co apoio e o patrocinio do Concello fúndase a Banda de Música de Ortigueira. A prantilla actual é de 40 músicos de ampla formación musical sendo algúns deles profesionais e noutra gran parte estudantes de conservatorios medios e superiores. A banda planifica unha programación anual de concertos en Ortigueira, participa en distintos festivais e festas de Galicia así como realiza unha xira de concertos por temporada destacando nos últimos anos as feitas en Valencia (2005), Cantabria (2006) ou Portugal (2008). Así mesmo a Banda contribúe ó enriquecemento sociocultural do concello con concertos da propia banda ou de grupos de cámara polas parroquias ou actividades de difusión internacional da vila como o Concurso Iberoamericano de Composición para Banda "Vila de Ortigueira" ou o Congreso Internacional de Bandas de Música "Vila de Ortigueira". O seu primeiro director titular foi o valenciano D. Vicente Mendoza Sánchez e dende o 2007 é o mestre monfortino D. Carlos Diéguez Beltrán. Neste tempo a Banda contou con importantes directores convidados como o Dr. Richard Miles (Morehead State University, USA) ou o mestre Gustavo Fontana (Universidade de Buenos Aires).